



BOP

LUNS, 15 DE MARZO DE 2021

N.º 060

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

María Josefina Cillero Chao solicita de Augas de Galicia un caudal de 1314 m³/ano de augas procedente dun manancial no lugar do Foxo, parroquia da Balsa (Santa María), Concello de Muras, con destino a uso gandeiro. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A27.60537

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: María Josefina Cillero Chao

CAUDAL MÁXIMO: 0,042 litros/segundo

VOLUME MÁXIMO ANUAL: 1314 m³

ORIXE: manancial localizado na parcela 158 do polígono 96 (27033A096001580000FM)

LUGAR: O Foxo

PARROQUIA: A Balsa

CONCELLO: Muras

DESTINO: uso gandeiro nas cortes na parcela 27033A093001220000FA no lugar dos Carrís

Descrición:

A auga captarase no manancial mediante aros de formigón de dous metros de diámetro, no que se disporá dun sistema de flotador. Desde a captación a auga conducirase mediante tubaxe de 32 mm pola beira dos camiños até a explotación gandeira da solicitante na parcela 122 do polígono 93.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Muras ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Vicente Ferrer, 2, 9º da Coruña, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 8 de marzo de 2021.- O xefe do servizo territorial, Néstor Rodríguez Arias.

R. 0615

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Para modificar o caudal outorgado de 0,032 l/s na concesión de clave DH.A15.43256 a D^a María Josefina Cillero Chao e adaptalo ás necesidades reais existentes é preciso tramitar o presente procedemento de modificación da concesión outorgada, de acordo co establecido no artigo 144 do Regulamento do dominio público hidráulico, resultando as seguintes características do aproveitamento:

As características do aproveitamento trala modificación son:

SOLICITANTE: María Josefina Cillero Chao

CAUDAL: 0,043 litros/segundo

DESTINO: bebedeiro para uso gandeiro (26 cabezas de gando vacún e 15 cabezas de gando equino) na finca 9 do polígono 96

ORIXE: manancial na parcela 18 do Polígono 96

LUGAR: Trala Modia

PARROQUIA: A Balsa (Santa María)

CONCELLO: Muras

Descrición do aproveitamento:

A captación realízase nunha fonte na parcela 18 do polígono 96 mediante unha arqueta de 30x30 cm e 50 cm de profundidade escavada na propia terra. Dende esta parte unha tubaxe de polietileno de 20 mm enterrada nunha lonxitude de 566 m atravesando as fincas 17,16,11 e 10 do polígono 96, ata chegar ao bebedeiro para o gando vacún instalado na finca número 9 do mesmo polígono, que disporá dunha válvula de flotador.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Muras ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa de Vicente Ferrer núm. 2, Edif. Administrativo de Monelos, andar 9ª da Coruña, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 08 de marzo de 2021.- O xefe do servizo territorial, Néstor Rodríguez Arias.

R. 0616

**XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO**

Anuncio

Resolución do 2 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Begonte. (Expediente IN407A 2020-51AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: INGAPAN S.L.U.
- Domicilio Social: r/ Agricultura, 52-53. 27003 Lugo
- Denominación: "CENTRO DE SECCIONAMIENTO 20kV 2L+1V, PARA CONEXIÓN A LA RED DE DISTRIBUCIÓN DE MT DE LOS CENTROS DE TRANSFORMACIÓN DE UNA INDUSTRIA ALIMENTARIA"
- Situación: concello de Begonte.
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20202414 en data 25 de setembro de 2020.
- Características técnicas principais:
 - Centro de Seccionamento en edificio Prefabricado de formigón tipo CMS.21 del fabricante Ormazábal no cal se instalan dúas celas de liña e unha de interruptor automático.
- Finalidade da instalación : Mellora do subministro
- Orzamento: 28.630,42 €
- Documentación complementaria:
 - Separata para o Concello de Begonte
 - Separata para BEGASA

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece la estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a

execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 2 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0617

Anuncio

Resolución do 26 de febreiro de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Palas de Rei. (Expediente IN407A 2020-59AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Petionario: Unión Fenosa distribución S.a.
- Domicilio Social: A Batundeira, 2. Velle. Ourense
- Denominación: "AMPLIACION DE POTENCIA DEL CT MOSTEIRO (PALAS DE REI)"
- Situación: concello de Palas de Rei
- Declaración responsable: si
- Características técnicas principais:
 - Substitución do transformador existente (100 KVA) no CT 27AG00 Mosteiro por outro de 160KVA e relación de transformación de 20.000/400-230V.
- Finalidade da instalación : Aumento de potencia
- Orzamento: 8.216,66 €
- Documentación complementaria:
 - Separata para o Concello Palas de Rei

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 26 de febreiro de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0618

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2021, sen que se presentasen reclamacións ao mesmo durante o prazo de exposición ao público e que fora aprobado inicialmente por acordo do pleno en sesión extraordinaria de 4 de febreiro de 2021, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, faise público o resumo por capítulos que o integran:

Estado de Gastos

2021

A) OPERACIÓNS CORRENTES.	5.705.112,82 €
I. GASTOS DE PERSOAL	3.107.519,62 €
II. GASTOS BENS CORRENTES E SERV.	2.245.493,20 €
III. XUROS.	7.000,00 €
IV. TRANSFERENZAS CORRENTES.	345.100,00 €
V. FONDO CONTINXENCIA	0,00 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.	740.707,35 €
VI. INVESTIMENTOS REAIS.	474.545,65 €
VII. TRANSFERENZAS DE CAPITAL	0,00 €
VIII. ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €
IX. PASIVOS FINANCIEROS	266.161,70 €
TOTAL	6.445.820,17 €

Estado de Ingresos.

2021

A) OPERACIÓNS CORRENTES.	6.430.034,17 €
1. IMPOSTOS DIRECTOS.	2.658.768,99 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS.	14.791,24 €
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.219.392,44 €
4. TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.532.175,30 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	4.906,20 €

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	15.786,00 €
6. ENAXENACIÓN INVERSIONS REAIS	0,00 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	15.786,00 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL	6.445.820,17 €

De conformidade co artigo 171 do RD Legislativo 2/2004, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia durante o prazo de dous meses a partir da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro que se estime conveniente.

Do mesmo xeito, e en cumprimento do artigo 127 do RD Legislativo 781/1986, faise público o cadro de persoal aprobado co orzamento.

PLANTILLA DE PERSOAL ANO 2021

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	ESCALAS	SUBESCALA	C. DESTINO
SECRETARIA (<i>Vacante</i>)	1	A1	FALHN	Secretaría	28
INTERVENCION (<i>Vacante</i>)	1	A1	FALHN	Intervención-Tesourería	28
TESOURERIA (<i>Vacante</i>)	1	A1	FALHN	Intervención-Tesorería	25
LETRADA-ASESORA	1	A1	Admón. Especial	Técnica	28
TECNICA SUPERIOR ECONOMISTA	1	A1	Admón. Especial	Técnica	25
TECNICO MEDIO RESPONSABLE PROXECTOS, OBRAS E URBANISMO	1	A2	Admón. Especial	Técnica	23
TÉCNICA MEDIA TESOUREIRA	1	A2	Admón. Especial	Técnica	23
TECNICA MEDIA DIPLOMADA EN EMPRESARIAIS	1	A2	Admón. Especial	Técnica	20
TÉCNICO MEDIO RECADADOR	1	A2	Admón. Especial	Técnica	20
TECNICO METALÚRXICO E DE SERVIZOS ESPECIAIS	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
ADMINISTRATIVO	1	C1	Admón. Xeral	Administrativa	20
TECNICA ESPECIALISTA INFORMATICA XESTIÓN	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
TECNICA ESPECIALISTA ADMINISTRATIVA (AREA ECONOMICO-FINANCIERA)	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
TECNICA ADMINISTRATIVA (AREA CULTURAL, DEPORTIVA....)	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
ENCARGADO XERAL DE SERVIZOS MUNICIPAIS	1	C1	Admón. Especial	Serv. Especial.	19
TÉCNICA AUXILIAR EN CULTURA E PROTOCOLO	1	C1	Admón. Especial	Técnica	17
TÉCNICO AUXILIAR AMBIENTAL	1	C1	Admón. Especial	Técnica	17
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	C2	Admón. Xeral	Aux. Adminstrativo	17
CABO SERVIZO EXTINCIÓN INCENDIOS, SALVAMENTO E PROTECCIÓN CIVIL	1	C2	Admón. Especial	Serv. Especial.	18
CABO POLICIA MUNICIPAL (<i>Vacante</i>)	1	C1	Admón. Especial	Serv. Especial.	17
GARDAS MUNICIPAIS	1	C1	Admón. Especial	Serv. Especial.	15

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	POSTO DE TRABALLO	C. DESTINO
TRABALLADORA SOCIAL	1	A2	Traballadora social	20
SECRETARIA DE DIRECCIÓN	1	C1	Posto Dirección	19
ENCARGADO DE INFORMACIÓN E REXISTRO	1	C2	Encargado de Información e Rexistro	15
ENCARGADO DE MECÁNICA (<i>Vacante</i>)	1	C2	Servicio mecánico	15
ENCARGADO DE OBRAS	1	C2	Servicio obras municipais	15
ENCARGADO ELECTRICISTA	1	C2	Encargado electricista	15
OFICIAL 1ª OFICIOS	1	C2	Traballos e servizos varios	15
SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL (<i>1 Vacante</i>)	2	C2	Traballos e servizos varios en piscina	15
AXUDANTE ELECTRICISTA	1	AP	Axudante electricista	14
AXUDANTE TALLERES	1	AP	Axudante de talleres	14
OPERARIOS SERVICIOS XERAIS (<i>1 Vacante</i>)	4	AP	Operario servizos xerais	14
CONSERXE EDIFICIOS MUNICIPAIS	1	AP	Conserxe edificios municipais	14
SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL (<i>1 Vacante</i>)	2	AP	Socorrista-persoal apoio piscina	14
PEON GES	6	AP	Peon GES	12
OFICIAL 2º RECOLLIDA LIXO	1	AP	Servizo municipal recollida de lixo	13

25

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS
ASISTENTE SOCIAL	1
ADMINISTRATIVA: SECRETARIA XULGADO DE PAZ E ARQUIVO	1
DIPLOMADO EMPRESA	1
MESTRE ESCOLA INFANTIL	5
T.S. EDUCACIÓN INFANTIL	3
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1
TÉCNICO MEDIO ORIENTADOR LABORAL	1
ADMINISTRATIVO SERVIZO PERSOAL	1
ADMINISTRATIVO NORMALIZADORA LINGÜÍSTICA	1
ADMINISTRATIVO:T.S. SISTEMAS INFORMÁTICOS	1
AUXILIARES AXUDA A DOMICILIO	19
AUXILIAR POLICIA LOCAL	1
OFICIAL 1ª LIMPEZA VIARIA	1
OFICIAL 1ª SERVICIO DE OBRAS	1
OPERARIO (PEÓN) PINTOR	1

OPERARIO RECOLLIDA LIXO	1
PEONS ALBANEIS	3
CONSERXE COLEXIOS	1
CONSERXE INSTALACIONES DEPORTIVAS	1
SOCORRISTAS	4
APOIO SERVIZO SANEAMENTO E RECOLLIDA DE LIXO	5
PEONS MEDIO AMBIENTE (RISGA TR351F 20205-2)	2
PEONS LIMPEZA VIARIA (SUBV SI461A-2020-00000001-00)	1
PEÓNS G.E.S.	5
PEON FORESTAL (APROL RURAL TR351G 2020/8-2)	2
PEON DE SERVIZOS MULTIPLES	1
TECNICO APOIO OFICINA TECNICA E OBRAS	1
ARQUITECTO TECNICO APOIO OFICINA TECNICA E OBRAS	1
DIRECTOR OBRADOIRO EMPREGO	1
MONITOR OBRADOIRO EMPREGO	3
ADMINISTRATIVO OBRADOIRO EMPREGO	1
ALUMNO TRABALLADOR OBRADOIRO EMPREGO	20
TOTAL	92

D) PERSOAL EVENTUAL

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS
PERSOAL EVENTUAL EN MATERIA DE INFORMACION E COMUNICACIÓN NO EIDO LOCAL	1
TOTAL	1

Por outra banda e, de conformidade co artigo 103 bis do RD Lexislativo 2/2004 faise pública a masa salarial do persoal laboral que ascende a 1.384.057,49 €.

Cervo, 9 de marzo de 2021.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0619

GUITIRIZ

Anuncio

NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL MEDIANTE CONCURSO EN QUENDA DE MOBILIDADE EN EXECUCIÓN DA OEP COMPLEMENTARIA 2020. EXP. 796/2020.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 03/03/2021 acordou por unanimidade, vistos os antecedentes do expediente coa proposta de nomeamento do Tribunal Cualificador de data 17/02/2021 fronte á que non se presentaron reclamacións:

PRIMEIRO.- Nomear a don Eloy Vázquez Cedeira co DNI 53162395B, como funcionario de carreira na praza de Policía Local pertencente ó cadro de persoal de funcionarios de carreira do Concello de Guitiriz, encadrada na escala de Administración Especial, subescala de servizos especiais, escala básica, categoría policía, grupo "C1", correspondente a oferta de emprego público deste Concello do ano 2019 (reservada para mobilidade horizontal), ficha nº 12 e código nº 16 da RPT.

SEGUNDO.- Notificarlle este acordo ao funcionario nomeado e comunicarlle que, de acordo coa base 9ª, deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, e comunicala aos servizos municipais de recursos humanos, secretaría, intervención e tesourería aos efectos oportunos.

Guitiriz, 4 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0620

Anuncio

Contratación de 3 peóns de SM como persoal laboral fixo tras superación de proceso selectivo. Expte: 889/2019.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/11/2019 aprobáronse as bases da convocatoria para a selección de 3 peóns de servizos múltiples como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre, publicadas no BOP de Lugo de data 03/12/2019, no DOG do 02/01/2020 e no BOE do 20/01/2020.

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2020-884 de data 04/12/2020, polo que se resolveu o proceso selectivo outorgando un prazo de 5 días naturais aos tres aprobados para achegar a documentación esixida nas bases, e mediante Decreto nº 2021-064 de 27/01/2021 acordouse contratar con data de inicio de 01/02/2021 como persoal laboral fixo aos tres aprobados.

En consecuencia, foron asinados os tres contratos para o posto de peón de servizos múltiples da ficha nº21 da RPT, con data de inicio de 01/02/2021 e comunicados ao SEPG en data 03/02/2021, cos tres aprobados: Ramón Roca Seijido, asignado ao posto co código 27; María Jesús Taboada Morandeira, asignada ao posto co código 28; e Manuel Vázquez Ares, asignado ao posto co código 29.

Guitiriz, 4 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0621

Anuncio

Contratación de 24 auxiliares de SAF como persoal laboral fixo tras superación de proceso selectivo. Expte: 888/2019.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/11/2019 aprobáronse as bases da convocatoria para a selección de 28 auxiliares de axuda no fogar como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre, publicadas no BOP de Lugo de data 03/12/2019, no DOG do 02/01/2020 e no BOE do 20/01/2020.

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2020-713 de data 18/10/2020, resolveuse o proceso selectivo outorgando un prazo de 5 días naturais ás 24 aprobadas para achegar a documentación esixida nas bases, e mediante Decreto nº 2020-762 de 30/10/2020 acordouse contratar con data de inicio de 01/11/2020 como persoal laboral fixo ás 24 aprobadas.

En consecuencia, foron asinados os 24 contratos para o posto de auxiliar de axuda no fogar da ficha nº29 da RPT, con data de inicio de 01/11/2020 e comunicados ao SEPG en data 06/11/2020, con: Jessica Merino Lagares; María de los Ángeles Pereira López; Mónica Montes Pena; Sara Eva Pimentel Gallego; Remedios García Ocampo; Vanessa Mel López; María Teresa Otero Losada; María Belén López Aller; María Belén Buján Rivas; Ana Marta San Román López; Ana María Bergantiños Vázquez; Julia Corral Paz; María Soledad García López; Raquel Alvarino Prieto; María Fe Santos Pérez; María Carmen García Tomé; Guadalupe Piñeiro Tomé; María Mercedes Morandeira Uriz; Olimpia Paz González; Rosa Río Sanjurjo; Piedad Iglesias Gómez; Celia López Rivas; María Rosa Vila González; e Tatiana Aguión Tizón.

Guitiriz, 4 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0622

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo de Centro de Día correspondente ao mes de xaneiro de 2021, que comprende un total de 14 recibos por un importe de 3.671,14 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo de Centro de Día correspondentes ao mes de xaneiro de 2021, terá lugar dende o día 2/03/2021 ao 2/05/2021 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 4 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0623

OUROL

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do concello de Oourol, en sesión extraordinaria celebrada o día dous de marzo de dous mil vinte e un, aprobou as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a adquisición de equipamento e realización de instalacións individuais de sistemas de televisión vía satélite SAT-TDT, nos fogares de Oourol, que literalmente son as que seguen:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES, PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO E REALIZACIÓN DE INSTALACIONES INDIVIDUAIS DE SISTEMAS DE TELEVISIÓN VÍA SATÉLITE SAT-TDT, NOS FOGARES DE OUROL

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións, para a instalación de receptores vía satélite (SAT-TDT), naquelas vivendas do termo municipal de Oourol, que non poidan captar o sinal da TDT por vía terrestre ou este sexa deficiente e facilitar, deste xeito, a súa captación a través do sistema de difusión satélite. Queda excluído do obxecto desta convocatoria, calquera outro tipo de acceso á TDT, distinto do sinalado.

2.- BENEFICIARIOS.

Para obter a condición de beneficiario os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física e maior de idade.
- b) Estar empadroadado no Concello de Oourol na vivenda onde se vaia facer a instalación, **antes do 1 DE OUTUBRO DE 2020** e que esta sexa a vivenda habitual, na que se dea a condición de que non poidan captar o sinal da TDT por vía terrestre ou esta sexa deficiente, sendo a instalación do devandito receptor a única posibilidade.
- c) Aportar un informe técnico realizado por un distribuidor autorizado, onde se acredite que no domicilio (vivenda habitual) non se recibe o sinal da TDT, ou este sexa deficiente e no que a instalación do devandito receptor é a única posibilidade. **(ANEXO)**
- d) Os requisitos xerais que establece o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables o custo do receptor TDT-SAT e os gastos derivados da súa instalación, máis a sintonización das canles no dispositivo instalado, (IVE incluído), ata un máximo de **CATROCENTOS euros (400,00 €)**, por domicilio, e que cumpra as seguintes condicións:

- a) **Os gastos subvencionados, deben realizarse durante o prazo de presentación das solicitudes, que será de dous meses, (2), dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**
- b) As instalacións deben ser efectuadas por unha persoa física ou xurídica, que teña a condición de distribuidor autorizado, inscrito no rexistro de instaladores (www.satttdt.es).
- c) Soamente será subvencionada unha instalación por fogar.
- d) A contía da subvención, para cada actuación, será a totalidade dos gastos subvencionados, cun límite máximo de 400,00 euros (CATROCENTOS EUROS).

4.- CONTÍA, LIMITE E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIONES.

- a) En ningún caso o importe da subvención, pode superar o importe do custo do receptor, da instalación que se efectúen, e da sintonización das canles no dispositivo instalado.

- b) Esta subvención é incompatible con outras axudas, ingresos ou recursos que se outorguen para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública ou entes públicos, privados ou de particulares, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- c) Soamente será subvencionada unha instalación por fogar, de tal maneira que se rexeitarán, todas aquelas solicitudes que xa tiveran percibido ou solicitado, calquera outro tipo de subvención pública ou privada para o mesmo fogar.
- d) Non poderán ser beneficiarios da subvención, aqueles propietarios que xa o teñan sido en convocatorias anteriores, tanto desta Administración como doutras, polo mesmo concepto e, para a mesma vivenda, polo que as vivendas nas que xa fora subvencionada a instalación do receptor por vía satélite de TDT (SAT-TDT), en anteriores convocatorias, non poderán ser beneficiarias dunha nova instalación autorizada.
- e) Que no enderezo, no que se vaia a realizar a instalación para a que se solicita a subvención e, con anterioridade a data da instalación, non existira outro equipamento para a recepción de TDT vía satélite SAT-TDT.
- f) Non poderán obter a condición de beneficiario desta axudas, os que incorran, en algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de **DOUS MESES, (2), contados a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. As solicitudes presentaranse no modelo de solicitude das bases, xunto coa documentación establecida na mesma, no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, acompañadas da seguinte documentación:

- 1º.- Fotocopia compulsada do DNI, do solicitante da subvención.
- 2º.- Certificado de titularidade da conta bancaria, na que se realizarán os pagamentos.
- 3º.- Declaración xurada de non percibir ningunha outra axuda para o mesmo fin, nin de ter solicitado, concedido ou pendente de resolución ningún outro tipo de axuda xa convocada, ou que se poida convocar por outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para o mesmo fin.
- 4º.- Declaración xurada de non estar incurso nas prohibicións ou nas causas de incompatibilidade para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 5º.- Declaración responsable de non ser debedor á Facenda local, estatal autonómica, nin á Seguridade Social. O concello resérvase a posibilidade de facer as pertinentes comprobacións.
- 6º.- Informe técnico realizado por un distribuidor autorizado onde se acredite que no domicilio (vivenda habitual) non se recibe o sinal da TDT ou este é deficiente, sendo a instalación do devandito receptor a única posibilidade de sinal. (ANEXO DAS BASES).
